

## **SESION CONSTITUTIVA DA NOVA CORPORACION 16 DE XUÑO DE 2.007**

EN BÓVEDA A DEZASEIS DE XUÑO DE DOUS MIL SETE.

As doce horas reunense no Salón de Actos da Casa do Concello os rexidores electos seguintes:

<b>D. José Manuel Arias López,</b>	<b>(PP)</b>
<b>D. José Luis Rivera Saco,</b>	<b>(PP)</b>
<b>D. Dionisio Blanco Rubiños,</b>	<b>(PP)</b>
<b>D. Francisco Javier Dominguez López,</b>	<b>(PP)</b>
<b>Dna. Cristina Juíz López,</b>	<b>(PP)</b>
<b>D. Manuel López Pérez,</b>	<b>(PSdeG-PSOE)</b>
<b>Dna. María del Carmen Macía Rodríguez,</b>	<b>(PSdeG-PSOE)</b>
<b>Dna. Ana Ruth Juíz Lugo</b>	<b>(PSdeG-PSOE)</b>
<b>D. Jorge García López.</b>	<b>(BNG)</b>

Actua de Secretario ó da Corporación D. Luis Eduardo Matias Sanchez

O obxecto da sesión é proceder a CONSTITUCION da nova Corporación e a elección de ALCALDE en cumprimento do previsto nos artigos cento noventa e cinco e cento noventa e seis da Lei Organica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, modificada polas Leis Órganicas 1/1987, do 2 de abril e 8/1991, do 13 de marzal.

### **FORMACION DA MESA**

Previa entrega das credenciais respectivas ó Secretario da Corporación e comprobado por éste o quorum de asistencia necesario para celebra-la sesión, formase a Mesa de Idade, integrada polo Concelleiro electo de máis idade D. José Luis Rivera Saco, o cal a preside, e pola de menor idade da Corporación D. Francisco Javier Dominguez López, sendo Secretario ó da Corporación D. Luis Eduardo Matías Sánchez.

### **XURAMENTO OU PROMESA DOS SRS/SRAS. CONCELEIROS/AS**

Seguidamente o Sr. Presidente da Mesa de Idade abre a sesión de constitución do Concello e elección de Alcalde, dispondo que polo Secretario se proceda a dar lectura os preceptos legais de aplicación, dando éste lectura os artigos 108.8, 195 e 196 da Lei xeral Electoral e artigos 36 e 37 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, manifestando que en cumprimento do disposto no precitado artigo 36.2 do Real Decreto meritado queda a disposición do novo Concello que se constitua, preparados e actualizados os xustificantes das existencias en metálico e valores propios da Corporación, depositados na Caixa Municipal e entidades bancarias, así como a documentación relativa ó inventario de patrimonio da Corporación.

Rematada a lectura, procedese a comprobación das credenciais presentadas e acreditada a persoalidade dos electos pola certificación que a Xunta de Zona enviou a éste Concello, o Sr. Prsidente invita os concelleiros electos a que expoñan neste acto se lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade a súa proclamación, despois desto e resultando que ningún dos reunidos manifesta estar incurso en causa de incompatibilidade, se procede, como paso previo a toma de posesión do cargo de concelleiro/a, e consonte determina o artigo 108.8 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, a prestar promesa ou xuramento os/as Srs./Sras. concelleiros/as. A tal fin o Secretario procede a dar lectura a formula recollida no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril: "*Xurais ou prometedes pola vosa concencia e honra cumprir fielmente as obrigas dos cargo de concelleiro con lealtade o Rei, e gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado*",

Xurando os/as Srs/as. : D. José Manuel Arias López, D. Dionisio Blanco Rubiños.

Xura e promete Dna. Cristina Juíz López

Prometendo os Srs.: D. José Luis Rivera Saco, D. Francisco Javier Dominguez López, D. Manuel López Pérez, Dna. María del Carmen Macía Rodríguez, Dna. Ana Ruth

## **DECLARACION DE CONSTITUCION DA CORPORACION**

Rematado o acto de prestar xuramento ou promesa, e tomado posesión dos seus cargos o Presidente da Mesa de idade D. José Luis Rivera Saco declara constituída a Corporación Municipal do Concello de Bóveda.

### **ELECCION DE ALCALDE**

A continuación o Presidente anuncia que se vai a proceder a elección de Alcalde e manifesta que poden ser candidatos os concelleiros que encabecen a súas correspondentes listas, e que son:

- D. JOSE MANUEL ARIAS LÓPEZ polo Partido Popular
- D. MANUEL LÓPEZ PÉREZ polo Partido Socialista de Galicia- Partido Socialista Obrero Español.
- D. JORGE GARCÍA LÓPEZ polo Bloque Nacionalista Galego.

A elección realizase chamando a Mesa de Idade os Srs. concelleiros, que depositan o seu voto mediante papeleta secreta e depositada nunha urna preparada ó efecto.

Rematada a votación procedese pola Mesa de Idade o recuento dos votos emitidos, que da o resultado seguinte:

Votos emitidos: Nove (9)

Votos en Branco: ningún

Votos Nulos: ningún

Sr. D. JOSE MANUEL ARIAS LÓPEZ: cinco (5)

Sr. D. MANUEL LÓPEZ PÉREZ: tres (3)

Sr. D. JORGE GARCÍA LÓPEZ: un (1)

Ó ser nove o número de concelleiros e cinco a maioría absoluta legal resulta elixido o Sr. D. JOSE MANUEL ARIAS LÓPEZ

O Sr. Presidente da Mesa de Idade manifesta que queda proclamado Alcalde ó candidato do Partido Popular

### **XURAMENTO DO ALCALDE E TOMA DE POSESION**

Proclamado Alcalde D.JOSÉ MANUEL ARIAS LÓPEZ, xura pola súa concencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Bóveda con lealtade o Rei e gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado.